

COMUNICACIÓN DE PRENSA

FUNDACIÓN LAXEIRO

presenta

COLECCIÓN PERMANENTE, UNHA NOVA LECTURA

INAUGURACIÓN

Venres, 14 de xuño, 19.00h

FICHA TÉCNICA

Título *Colección Permanente*

Comisariado Javier Pérez Buján

Tipo de obra Pintura, debuxo, documentación

Lugar Fundación Laxeiro. r/Policarpo Sanz, 15, 3º, Vigo

Inauguración venres, 14 de xuño, 19.00h

Aproveitando as reformas das instalacións levadas a cabo polo concello de Vigo en 2018, a Fundación Laxeiro presenta unha nova proposta expositiva da coñecida *Colección permanente*, que muda o percorrido cronolóxico das obras, por unha disposición máis intuitiva, que combina estilos, linguaxes, xéneros e cronoloxía, ademais de achegar documentación relativa á traxectoria artística de Laxeiro, unha liña de vida e unha sinalética renovada en galego, castelán e inglés.

Ademais, ás sesenta e catro obras que conforman a *Colección permanente*, engádense cinco pezas depositadas por propietarios particulares, que contribúen a completar a visión da obra e a traxectoria dun dos artistas galegos máis decisivos do século XX.

NOVA FORMULACIÓN EXPOSITIVA

A *Colección permanente* da Fundación Laxeiro, formada por sesenta e cinco das setenta e sete obras que o artista legou á cidade de Vigo (das que as doce restantes poden contemplarse no Museo Quiñones de León) está exposta permanentemente na Fundación Laxeiro dende 1999, ano da constitución da Fundación Laxeiro. Estas sesenta e cinco obras, de todas as épocas da traxectoria de Laxeiro, ofrecen no seu conxunto, unha excelente panorámica da evolución do artista, constituíndo un abano moi completo dos diferentes estilos e as linguaxes diversas que Laxeiro utilizou ao longo de toda a súa carreira.

Durante estes anos, a Colección tivo diversas formulacións expositivas que sempre respectaron un percorrido cronolóxico, baseado nunha coincidencia buscada, entre o percorrido espacial da exposición e o percorrido temporal da traxectoria de Laxeiro.

Agora, a Fundación Laxeiro rompe con esa formulación de carácter historiográfico e lineal, para ofrecer outro xeito de visitar a devandita colección, baseado en tres eixos combinados de distribución da obra, como son o **estilístico**, o **temático** e, en menor medida, o **cronolóxico**.

PERCORRIDO POLA EXPOSICIÓN

Así, o primeiro que se atopa o visitante ao acceder ás salas da exposición, é un pano expositivo que o recibe, formado por unha composición de dezaseis obras, artelladas a partir de dous autorretratos ben diferentes, un carbón sobre papel do ano 1936, no que o artista escribe “son eu” e, ao seu carón, óleo sobre tea de 1977, no que a abstracción é o rexistro elixido. Estas dúas obras, colgadas no centro do pano, contrastan fortemente pola súa diversidade de estilos e dan a pauta do sentido do resto da selección que conforma a composición dese pano, composto por debuxos e pinturas de todas as súas épocas e, polo tanto, tamén de todos os seus rexistros expresivos. A lenda “son eu” do autorretrato de 1936, adquire así un significado como “tarxeta de presentación” para o visitante neófito, poñéndoo en situación sobre o que se vai atopar ao longo do percorrido pola exposición.

Nos dous panos enfrontados a este primeiro, contraponse dúas obras antagónicas que ilustran, por unha banda, o compromiso de Laxeiro coa vangarda e, por outra, o seu labor como retratista de encarga, no Vigo dos anos corenta. Estamos a falar de *Mascarón*, de 1934, unha das obra icónicas do período granítico de Laxeiro, e de *Retrato de José María Galbán*, de 1944, un excelente exemplo da faceta de Laxeiro como retratista da burguesía empresarial viguesa.

Seguidamente, no corredor da sala, dispuxéronse dous panos expositivos lineais enfrontados fisicamente que enfrontan tamén dúas temáticas do artista. No pano da esquerda pódense ver un conxunto de dez retratos, nos que se aprecia a súa evolución, comezando con carbóns sobre papel dos anos trinta e rematando cun óleo sobre tea de 1980, pintado en clave informalista. No pano oposto colgan dez óleos sobre tea e sobre papel, nos que se ve a súa aproximación á abstracción e ao informalismo que se orixina a partir da súa chegada a Bos Aires, en 1951.

Este corredor desemboca nunha sala final, na que o primeiro pano da esquerda, está dedicado ao tema do nú feminino, con tres exemplos de diferentes épocas, que amosan solucións moi diversas e, no pano contiguo, tres maternidades, tamén de épocas e estilos moi diferentes. Esta sala remata cunha composición, formada por doce obras sobre papel de pequeno formato, dispostas a modo de mosaico, no que se ofrece unha visión do Laxeiro máis lúdico e colorista.

A última sala está reservada para as obras de gran formato e, na súa maioría, as máis emblemáticas da *Colección permanente*, como son o *Trasmundo*, de 1946, todo un compendio da pintura de Laxeiro daqueles anos, o *Carrotón de nenos*, tamén chamado *Xoguete*, de 1934, un magnífico exemplo da figuración de *entreguerras*, a peza pintada polos dous lados *Autorretrato*, de 1934, magnífico exemplo da *estética granítica* e, no seu reverso, *Carnavalada*, de 1931 que, posiblemente é o primeiro cadro expresionista galego, ademais do icónico *A vida*, de 1968, unha enorme tinta sobre papel de case catro metros de ancho que compendia moitos dos rexistros expresivos utilizados por Laxeiro ata aqueles anos. Nesta sala tamén se poden admirar outras obras emblemáticas como *Hans de Islandia*, de 1966, unha reinterpretación laxeiriana da pintura xeométrica, levada á sensualidade do trazo curvilíneo tan característico do pintor, e outra *Vida*, de 1966, un óleo sobre tea realizado en rexistro informalista e matérico. Esta sala complétase cunha espléndida peza de pequeno formato titulada *Cabeza*, da década dos anos sesenta, unha obra escura, realizada en clave expresionista que retrata a un aforcado, e tamén outra *Cabeza*, esta da década dos setenta, na que revisa a súa estética granítica.

NOVAS ACHEGAS Á COLECCIÓN PERMANENTE

Ás sesenta e cinco obras que conforman a exposición, se suman nesta nova proposta, catro pezas depositadas por coleccionistas privados como son as dúas cabezas das que falabamos máis arriba, unha maternidade granítica dos anos corenta, o *Retrato de José María Galbán* xa mencionado, cedido pola Familia Galbán, e unha abstracción de 1993, titulada *Neno pensador*, depositada polo Sindicato Galego do Ensino.

A Fundación Laxeiro quere agradecer publicamente aos seus propietarios, estas aportacións que as entende como un acto de xenerosidade coa sociedade, e que contribúen a completar a visión da personalidade poliédrica dun artista dotado de múltiples recursos expresivos e técnicos, como queda patente na exposición.

EXPOSICIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Outra das novidades desta nova montaxe, é a inclusión de documentación sobre a traxectoria do artista, disposta en dúas vitrinas que amosan documentos tan singulares como o diploma expedido en 1926 polo Centro Gallego de La Habana, ou un facsímile da crítica publicada por Francisco Fernández del Riego en *El Pueblo Gallego*, sobre a súa primeira exposición individual en 1934, na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela. Tamén se amosan diversos exemplares orixinais de catálogos de exposicións realizadas en Madrid, Xixón, Bos Aires, Vigo e Compostela; ou libros con ilustracións súas e mesmo un disco de vinilo con poemas de Marcos Ana (1920-2016), cuxa portada está ilustrada por Laxeiro.

LIÑA DE VIDA

Outra das novidades é a instalación dunha liña de vida que, de xeito moi gráfico, permite percorrer toda a vida profesional de Laxeiro nunha ollada rápida, na que se destacan os principais fitos da súa carreira e se acompaña de imaxes de diversos momentos e obras da vida do artista.

SINALÉTICA EN TRES IDIOMAS

Renovouse tamén toda a sinalética, composta por diversos textos dispostos nos diferentes panos expositivos que explican diferentes aspectos da figura de Laxeiro e da súa obra, ademais de cartelas explicativas nas obras máis destacadas e a xa mencionada liña de vida. Todos os textos están en galego, castelán e inglés.

Con esta nova proposta, a Fundación Laxeiro abre unha nova etapa na divulgación da Colección permanente e, por extensión, da obra de Laxeiro en xeral, na que, superado o criterio cronolóxico, se abre unha forma máis transversal e intuitiva de achegarse á Colección permanente, na procura de novos significados artísticos e culturais deste legado de Laxeiro que é propiedade da cidade de Vigo.